# A «Asociación de Escritores» rexeita os expedientes contra dous mestres de Rois

**SANTIAGO.— (Da nosa Delegación).**

A Asociación de Escritores en Lingua Galega fixo pública a súa repulsa diante do expediente aberto que nos próximos días se vai resolver polo xuez instructor que leva o caso, contra dous mestres de Dices - Rois, por impartir as súas crases en galego.

Para a mencionada asociación de escritores, «A lingua de Galicia e o galego e todo atentado do idioma e un atentado contra do pobo galego». A nota remata mostrando a sú solidaridade cos mestres sancionados, acusando ao mesmo tempo aos medios oficiais de utilizar «os mecanismos de sempre, para asoballar unha vez máis ao pobo galego».